

Novela “negra”

Intriga, mito e acción



DORINDA CASTRO SOLIÑO

Manuel Forcadela “é un home de idade media e rostro ensumido nunhas lentes de miope. Un tipo interesante”, en palabras de Elvis, un dos protagonistas -xunto co detective Toni Barreiro- de *A procura do falso Grial*, a nova entrega do escritor que acaba de publicar a editorial Galaxia na colección “Costa Oeste.”

Así aparece, pois, caracterizado Manuel Forcadela nun capítulo da novela no que os dous investigadores van na súa procura para demandarlle información histórica sobre o Grial, nun divertido xogo cómplice que o autor establece co lector. Na “realidade”, Manuel Forcadela, doutor en filoloxía, catedrático de lingua e literatura galegas no ensino secundario e profesor asociado na Universidade de Vigo, é un dos máis prolíficos e premiados autores na nosa lingua tanto no eido do ensaio como no da poesía en prosa, non en van acaba de publicar tamén a edición e estudo sobre *Os Eoas* de Pondal xunto co M. Ferreiro e X. R. Pena, director destas páxinas.

A procura do falso Grial comeza nunha mañá de outono en Vigo, cando parece que quere nevar. Toni Barreiro diríxese á súa axencia e alí encárganlle un traballo: a investigación dun roubo producido nun chalé das aforas da cidade propiedade dunha parella . O que parece ser un caso de doada e rápida solución, complicase cando esta aparece asasinada.

Estamos, pois, perante unha novela políciaca co interese engadido de que a peza roubada é confundida coa mítica copa do Grial, tesouro que fora tamén

buscado polos nazis, unha partida dos cales se estableceu en Vigo organizada por un oficial alemán que non se suicidou como a Historia nos conta, senón que nesta cidade mantén vivos os ritos e os ideais do nazismo.



Intriga, mito, historia, personaxes fantásticos e sacados da realidade danse cita nesta novela moi ao gusto das novas procuras do xénero policial e negro na súa esculca de novos camiños.

Como corresponde a este tipo de novelas, a cidade é tamén protagonista fundamental. Un Vigo hostil, duro, frío, acolle aos personaxes que deambulan anónimamente polas súas rúas. Un Vigo que aínda garda segredos e recantos que foron testemuña de fundamentais feitos históricos. E cando se resolve o misterio comeza, ademais, a nevar.

Unha trama interesante, un estilo ameno e unha cidadosa factura prenden moi axiña ao lector que, ben seguro gozará de cada unha das súas páxinas.

FORCADELA, Manuel,
A procura do falso Grial,
Ed. Galaxia, Vigo, 2006,
211 páxinas